



Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ANTECEDENTES

A ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que esta vixente no noso concello contempla unha bonificación do 100% para aqueles vehículos de cualificación histórica inscritos no Rexistro da Xefatura Provincial de Trafico, e unha bonificación do 30% para aqueles vehículos cunha antigüidade de mínimo 25 anos.

Algúns dos concellos da nosa contorna bonifican na súa totalidade este imposto cando o obxecto tributario son vehículos cunha antigüidade de 25 anos, sen necesidade da súa cualificación como histórico, o que esta a provocar a perda de coches empadroados na nosa cidade, pero o que é peor, que os seus titulares tamén se empadroen nesas localidades.



FIRMANTE - FECHA



Este ano contivemos a poboación por enriba dos 18.000 habitantes, pero levamos máis de dez anos en caída constante. Non podemos esquecer o cada vez mais elevado número de monfortinos que se empadroan en localidades da contorna, precisamente por este tipo de incentivos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular, eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- **Aprobar a Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica no seu artigo cinco relativo ás bonificacións, contemplando a bonificación do 100% para todos os vehículos de mínimo de 25 anos de antigüidade, independentemente de que estean inscritos como antigos no Rexistro da Xefatura Provincial de Trafico.**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000EC99F00T4N3S3S8L6G6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		ENTRADA: 202415437
KATHERINIE VARELA FERNANDEZ - 13/06/2024 AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS-SECRETARIA - 13/06/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/06/2024 21:26:10 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA REX-TEL 2024 15437 - 13/06/2024 21:26		Fecha: 13/06/2024 Hora: 21:26 Und. reg:REX-TEL
<small>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(969122)</small>		

